

DECRETO NÚMERO 15004714 DO 08/06/2015

Ilma. Sra. Dona Sonia Méndez García Tenenta de Alcalde delegada, en funcións, da Área de Economía, Emprendemento, Autonomos e Educación.

Instruído expediente relativo a: **PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS NO ARDE LUCUS 2015 PRORROGABLE PARA OS ANOS 2016, 2017 E 2018. ADXUDICACIÓN DE POSTOS.**

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Informe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do día 2 de xuño de 2015, onde na súa parte expositiva se sinala o seguinte:

“ANTECEDENTES

I. Acordo num. 11/154 de 11 de marzo de 2015 da Xunta de Goberno Local polo que se aproban as Bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación convocado para a autorización de instalación de postos de venda de mercadorías na festa ARDE LUCUS 2015 prorrogable para os anos 2016, 2017 e 2018.

II.- Anuncio de licitación publicado no BOP num. 062 de 17 de marzo de 2015

III.- Acta da Comisión avaliadora de data 5 de maio de 2015 inxerida no perfil do contratante do Concello de Lugo de apertura de documentación incluída no sobre A con concesión de prazo para subsanación de documentación.

IV.- Acta da Comisión avaliadora de data 20 de maio de 2015 inxerida no perdil do contratante do Concello de Lugo de comprobación de documentación presentada no prazo de requirimento e avaliación de documentación no sobre B e proposta de adxudicación.

V.- Renuncia ao posto 61 presentada por dona Yanina Daniela De Armas Sasias polo que o seguinte con máis puntuación para o dito posto é don Ricardo Rifón Roca non obstante antes da adxudicación do posto deberá comprobarse se está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Lugo.

Detectado que Cristina Ejarque Monte lle falta documentación e que non foi requirida para subsanar no seu momento estase pendente actualmente de que a interesada complete a documentación polo que a adxudicación do posto 25 queda pendente desta cuestión.”

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1433752791285.doc

Asunto:

2.- Informe da Intervención Municipal do día 5 de xuño de 2015, referencia 229/2015, relativo á fiscalización da presente fase do expediente.

Por todo o anteriormente, e no uso das atribución conferidas á Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local 11/154 de 11 de marzo de 2015, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Excluir do procedemento de licitación ás persoas abaixo relacionadas polos motivos sinalados na Acta da Comisión avaliadora de 5 de maio de 2015 (incumprimento do apartado 6º e 7º das Bases reguladoras do procedemento):

- Don Andrés Silva Parra por presentar un único sobre sen identificación do título do procedemento polo que foron abertos na Oficina de Rexistro para a súa remisión. Dentro deste sobre está toda a documentación, a administrativa e a oferta económica, incumprindo o establecido no apartado 7º das Bases reguladoras do procedemento.

- Quesería Picu Urriellu (Aurelio López López) por presentar dous sobres sen identificación do título do procedemento e sen identificar sobre A e sobre B polo que foron abertos na Oficina de Rexistro para a súa remisión, incumprindo o establecido no apartado 7º das Bases reguladoras do procedemento.

- Don Xurxo Regueira Fernández por presentar dous sobres sen identificación do título do procedemento e sen identificar sobre A e sobre B polo que foron abertos na Oficina de Rexistro para a súa remisión, incumprindo o establecido no apartado 7º das Bases reguladoras do procedemento.

- Naay Botanicals S.L.: Por presentar documentación en Correos en prazo pero no Rexistro Municipal o día 27/04/15 (fóra de prazo) e sen avisar por fax.

-Edita Rodriguez Oca: Por presentar documentación en Correos en prazo pero no Rexistro Municipal o día 29/04/15 (fóra de prazo) e sen avisar por fax.

-Carmen Oca Aguiar : Por presentar documentación en Correos en prazo pero no Rexistro Municipal o día 29/04/15 (fóra de prazo) e sen avisar por fax.

-Manuel Oliveira Santos : Por presentar a documentación en Correos en prazo e con aviso mediante fax. Non obstante, a documentación non chegou ao Rexistro Municipal do Concello de Lugo dentro do prazo de dez días naturais dende a finalización do prazo.

SEGUNDO.- Excluir do procedemento de licitación ás persoas abaixo relacionadas polos motivos sinalados na Acta da Comisión avaliadora de 20 de maio de 2015 , por non presentar a documentación necesaria dentro do prazo de subsanación:

SOLICITANTE	DOCUMENTACION QUE FALTA E/OU INADECUADA
José Ramón Aragón	Certificado positivo AEAT de non ter débedas <u>é de cooperativa</u> e non do solicitante
Sonia García Arias	Certificado positivo AEAT de non ter débedas. Presenta <u>certificado da Facenda Catalana</u> pero non da Axencia Estatal da Administración Tributaria.
Carlos Morelli	Certificado positivo AEAT de non ter débedas <u>é de cooperativa</u> e non do solicitante
Miriam Mato Herrera	Certificado positivo AEAT de non ter débedas Certificado positivo Seguridade Social de non ter débedas
Roberto Calles Saez	Certificado positivo Seguridade Social de non ter débedas (o presentado está caducado)
Emmanuelle Osei Bonsu	Anexo II * O solicitante non indicou nin o teléfono nin correo electrónico incumprindo a clausulas 7ª das Bases
Alvaro Alberto Marina Pérez	Certificado positivo AEAT de non ter débedas Certificado positivo Seguridade Social de non ter débedas
Lorena Martínez Fernández	Certificado positivo AEAT de non ter débedas Certificado positivo Seguridade Social de non ter débedas
Maria Cruz Fernández Méndez	Certificado positivo AEAT de non ter débedas Certificado positivo Seguridade Social de non ter débedas
Javier Adrián Paris Peña	Certificado positivo AEAT de non ter débedas Certificado positivo Seguridade Social de non ter débedas
Hiperfruit Lugo S.L.	Certificado positivo AEAT de non ter débedas

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1433752791285.doc

Asunto:

Florencia Faccio Herrera	Certificado positivo AEAT de non ter débedas Certificado positivo Seguridade Social de non ter débedas
Henar Cavero Alonso	Certificado positivo AEAT de non ter débedas Certificado positivo Seguridade Social de non ter débedas

TERCEIRO.- Excluir do procedemento de licitación ás persoas abaixo relacionadas polos motivos sinalados na Acta da Comisión avaliadora de 20 de maio de 2015 , esto é, por incumprir as Bases 7º e 9ª:

- María Tbara por non incluír anexo III.
- Inmaculada Vera Losada por incluír dúas ofertas económicas.
- Ricardo Matzkin por non ser a parada acorde á época.
- Nuria Basante Rodríguez por non ser a parada acorde á época.
- Yolanda Morena Fernández por non ser a parada acorde á época.
- Antonio Ayuso por non ser a parada acorde á época.
- Mª José González Álvarez por non ser a parada acorde á época.

CUARTO.- Adxudicar os postos indicados ás persoas relacionadas na táboa seguinte:

NOME	POSTO	TAXA OFERTADA	PUNTOS
Manuel Losada Fernández (Coporcel S.L.)	1	1471	39,47
Elena Ferro Lamela	2	550	44,80
Raquel Suárez Rueda	3	375	26,35
Antía I. Romo Rodríguez	4	510	40,75
Ginés Camacho Rey	5	400	40,80
Roberto Lazcano Lascano	6	440	45
Christian Oliver Más	7	600	36
Antonio Pedrouzo Vázquez	8	201	34
Maria Dolores Veiga Suárez	9	300,24	41,75
Josefina S. Rodriguez Sto	10	188	37,75
Avelina Cuñado Rubio	11	555	34,60

Manuel Costas Alonso	12	250	24,10
Sergio Fernández López	13	301	36,40
Sara Núñez Trigo	14	355	42,60
Myriam ZuaZua (Calzarte)	15	355	46,60
Chocolates Comes S.L.	16	450	40
Juliana Oliveira Moreira	17	610	44
Natalia Fariña Franco	18	405,16	44,80
Antonio Cebrián Pérez	19	180	24,12
José Ignacio Rúa Pouso	20	25	19,22
Hector y Angel S.L.	21	761	34,75
Adoración Rodríguez Rodríguez	23	152	13,95
Silvia Alvarez Triviño	24	200	44
Miguel Angel Bollo Sances	26	470	43,50
Marta Cuesta Vallina	28	251	41
Rafael Rodríguez	29	150	37,12
Claudia Elena Pérez Sasías	30	600	30,27
Hussein Aali-Taleb Fernández	32	240	42
Luz del Mar Ferro Vázquez	33	100	22,50
Napoleón Tenorio Zubiate	34	711	38
Manuel Pereira García	35	2150	48,20
Laura Suárez Colina	36	707,50	38
Francisco Javier Ygeño Guzmán	37	326	41,20
Victoriano Parreño Ortiz (CaramelosAbueloDomíng)	38	808	34,24
Ramón Sánchez Suárez	39	401	42
Esther Díaz Vidal	40	247	41,23
Eric Duffour	41	361	38,60
José Ramón Lleó Fissure	42	180	45
Oscar Grueira Navarro	43	712	36,23
Alicia Martínez Martínez	44	417	36,06
Carlos Espi	45	360	34,20
Patricia Bueno Guijarro	46	390	39,25

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1433752791285.doc

Asunto:

Maite Segura Prat	47	300	32,78
Juan Sánchez Andreu	48	500	38,87
Tomás Saavedra Castro	49	351	38
Mª Rosa Rodríguez Díaz	50	321	32,60
Marina e Maica S.L.	51	155	41
Elena Martínez Aguilar	54	70	36,25
Iria García Pérez	56	512	37,77
Ana Isabel Romero Martínez	57	465	46,40
Wilder Juan Flores Burgos	58	400	33
Mª Pilar Vila López	62	401,90	38
Ainhoa Calleja Recio	63	600	38
Marisol Negro Calvo	65	360	48

Esta adjudicación quedará condicionada á presentación antes do 8 de xuño de 2015 da seguinte documentación para o caso de que non estivera xa presentada:

- Copia da alta no Imposto de Actividades Económicas.
- Recibo do último pagamento deste imposto de actividades económicas
- Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil en vigor durante a Festa na que se indique claramente a cobertura mínima esixida de 200.000 euros e que incluíra a cobertura de productos.
- Copia do recibo de pagamento do dito seguro de responsabilidade civil

O Concello de Lugo comprobará de oficio que os licitadores propostos se atopar ao corrente coas obrigas tributarias co propio Concello de Lugo.

O importe ofertado (taxa) por cada adxudicatario deberá ingresarse nos lugares e prazos establecidos na Carta de Pagamento que se adxunte a esta resolución.

De non aboarse o importe ofertado nos prazos establecidos quedará extinguida e sen efecto a autorización e a parcela quedará a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento establecido para postos vacantes.

QUINTO.- Dar traslado da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa ás partes interesadas e dependencias municipais afectadas, con indicación que contra a mesma caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano competente e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 116.2 da Lei 30/92).

Cúmprase.